

SAIDA

Data: 11/12/2015 10:14:56
13187/15

Expedientes: F.7.Q/13032/15
e C.6.Q/12908/15

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2015

Estimado Sr.:

Consonte á nosa comunicación de 14 de outubro, ponse no seu coñecemento o contido do escrito remitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 3 de decembro.

Xunta ao devandito escrito copia da seguinte documentación:

- Informe do 20 de novembro de 2015, da subdirectora xeral de Biodiversidade e Recursos Cinexéticos e Piscícolas da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no que se aclaran os puntos solicitados.

- Copia do escrito remitido ao reclamante no que se da resposta ao documento que el cualificou como "recurso dealzada" (presentado, en realidade, o 04/03/2015, e non o 03/03/2015).

Por último e con relación ao exercicio da caza nas proximidades das vías públicas de comunicación, lembrámoslle que no expediente de queixa F.7.Q/15/15 formulouse á seguinte Recomendación:

Debe desenvolverse pola vía normativa que estime procedente, o criterio interpretativo principal para considerar unha vía pública como zona de seguridade a efectos cinexéticos.

Asemade, semella oportuno impulsar o procedemento de declaración dun terreo como non cinexético para os efectos establecidos no artigo 37 da lei 13/2013, de caza de Galicia.

Polo motivado, decláranse conclusos os devanditos expedientes de queixa F.7.Q/13032/15 e C.6.Q/12908/15.

Agradézolle a confianza que nos demostrou e saúdoo atentamente,

Milagros María Otero Palga
Valedora do Pobo

